

Cando o número 29 de *Ferrol Análisis* estaba disposto para entrar na imprenta, recibimos a grata noticia de que a corporación municipal concede ao Club de Prensa de Ferrol a *Insignia de ouro do concello* «pola importancia dos seus valores de relación coa cidade, cos medios de comunicación e coa liberdade de expresión». É un recoñecemento que se nos fai despois de celebrarmos os vintecinco anos de existencia e de poñer en marcha distintas actividades que acadaron o éxito pola valiosísima participación dos nosos colaboradores, aos que cómpre facer partícipes deste galardón. Sen eles, nin a revista *Ferrol Análisis*, nin o *Curso Gurméndez*, acadarían o prestixio que hoxe teñen.

Porén o momento social en que naceu o Club de Prensa de Ferrol e o presente, son moi distintos. Daquela, o pouso cultural do Ferrol ilustrado seguía dando froitos; Ferrol era unha cidade volcada na cultura e os ferroláns informábanse e participaban na vida social con espírito crítico. Hoxe o interese pola cultura non é en Ferrol, nin en España, nin en Europa, o de hai 25 anos. Ortega y Gasset anunciou esta situación, hai oitenta e cinco, en *La rebelión de las masas*; pero nin sequera Ortega podía prever o resultado da magnificación da imaxe e o menosprezo da palabra. Os mozos xa non len e a prensa escrita pasa a maior crise da súa historia. Non sabemos se será posible frear este deterioro, pero o Club de Prensa de Ferrol seguirá a promover a arela de saber e o espírito crítico, porque só dende a insatisfacción poderemos facernos mellores e procurar unha sociedade verdadeiramente xusta.

Este novo número de *Ferrol Análisis*, con tantos e tan interesantes temas, tratados con rigor por recoñecidos especialistas, é boa mostra do que será o noso labor no presente e no futuro.

Siro López Lorenzo
Club de Prensa de Ferrol
Presidente